



ANEXO A PROGRAMACIÓN:

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CMUS PROFESIONAL, A CORUÑA
CURSO:TODOLOS CURSOS
MATERIA:PIANO COMPLEMENTARIO
DEPARTAMENTO:TECLA
DATA:7 DE MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Mínimos esixibles.**
2. **Procedementos de avaliación e cualificación.**
3. **Criterios de cualificación.**
4. **Instrumentos de avaliación.**
5. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)**
6. **Información e publicidade.**

1. **Mínimos esixibles.** Os que figuran na programación didáctica vixente, para o segundo trimestre, en cada un dos catro cursos.

<http://www.cmusprofesionalcoruna.es/wp-content/uploads/2019/10/Programación Piano-complementario 19-20.pdf>

2. **Procedementos de avaliación e cualificación.** Se seguirán os criterios de avaliación da programación, para a segunda avaliación, para cada un dos catro cursos. A cualificación final non será nunca inferior á outorgada polo segundo trimestre.

<http://www.cmusprofesionalcoruna.es/wp-content/uploads/2019/10/Programación Piano-complementario 19-20.pdf>

3. **Criterios de cualificación.** . O traballo realizado nesta terceira avaliación, e supervisado polo profesor, por medio telemático, servirá para confirmar a cualificación outorgada pola segunda avaliación, ou mesmo incrementala, cando sexa o caso, sempre que o titor considere que o aproveitamento e esforzo demostrados merecen conferir unha cualificación máis alta. Para este caso, a cualificación poderá ser incrementada ata dous puntos, como máximo.

4. **Instrumentos de avaliación.**

Son os medios telemáticos polos que cada profesor mantén o contacto e fai seguemento dos seus alumnos dende que se decretou o fin do ensino presencial: WhatsApp (video e audio), FaceTime, Skype, Zoom, Cisco Webex.

5. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)**

.- Actividades de Recuperación: Todo aquel alumnado que non puido ser avaliado de maneira continua, será convocado polo profesor á realización dunha proba, mediante a canle telemática utilizada durante o terceiro trimestre, a fin de acreditar que ten acadados os contidos mínimos para o segundo trimestre, en consonancia cos criterios de avaliación correspondentes á segunda avaliación, para o curso no que se atope. Ditas probas, que serán telemáticas, se levarán a cabo entre os días 25 e 27 de Maio.

.-Reforzo e repaso: O labor do profesor ó longo deste terceiro trimestre, será primordialmente propedéutico, facendo fincapé na mellora, consolidación, e perfeccionamento dos contidos traballados polo alumno ata o fin da segunda avaliación.

.- Os contidos previstos para o terceiro trimestre 2020, pasarán á programación do vindeiro curso, mediante a adaptación curricular oportuna.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 3	CENTRO: CURSO: MATERIA:
---	---------------	-------------------------------

6. Información e publicidade.

A adaptación da programación para o terceiro trimestre será remitida a Inspección Educativa, as familias a través da plataforma Centros Net e correo electrónico. Ademais colgarase na páxina web do Centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 3	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------